



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua: Lingua española

Materia	Lingua: Lingua española			
Código	P04G070V01103			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Fernandez Soneira, Ana Maria			
Profesorado	Fernandez Soneira, Ana Maria			
Correo-e	anafe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo estudar os elementos lingüísticos que entran en xogo na comunicación audiovisual.			

## Competencias de titulación

Código				
A5	Coñecemento dos fundamentos da información xornalística, a través dos distintos textos e xéneros ao uso, para a súa aplicación en medios, impresos e dixitais			
A6	Coñecemento da realidade político-social do mundo na era da comunicación global			
A7	Coñecemento do uso correcto oral e escrito das linguas oficiais aplicadas á comunicación audiovisual			
A8	Coñecemento e aplicación dos diferentes mecanismos e elementos da construción do guión atendendo a diferentes formatos, tecnoloxías e soportes de produción. Tamén se inclúe o coñecemento teórico e práctico das análises, sistematización e codificación de contidos icónicos e a información audiovisual en diferentes soportes e tecnoloxías			
A9	Coñecemento, identificación e aplicación de recursos, elementos, métodos e procedementos dos procesos de construción e análise dos relatos audiovisuais tanto lineais como non lineais			
A11	Coñecemento das estratexias de comunicación persuasiva nos mercados audiovisuais			
A26	Capacidade para escribir con fluidez, textos, programacións ou guións nos campos da ficción cinematográfica, televisiva, videográfica, radiofónica ou multimedia			
A27	Capacidade para analizar relatos audiovisuais, atendendo aos parámetros básicos da análise de obras audiovisuais, considerando as mensaxes icónicas como textos e produtos das condicións sociopolíticas e culturais dunha época histórica determinada			
A41	Habilidade para expoñer de forma adecuada os resultados dos traballos académicos de xeito oral ou por medios audiovisuais ou informáticos consonte os cánones das disciplinas da comunicación			
B1	Capacidade de adaptación aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais			
B2	Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados			
B3	Capacidade para asumir riscos: capacidade para asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos			
B4	Toma de decisións: capacidade para acertar ao elixir en situacións de incerteza, asumindo responsabilidades			
B5	Práctica sistemática de autoavaliación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos			
B7	Conciencia solidaria: respecto solidario polas diferentes persoas e pobos do planeta, polos valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade			

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Fundamentar unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua española.	A7	B3	

Analizar a comunicación audiovisual dende unha perspectiva lingüística (gramatical, pragmática e estilística).	A5 A9	B5
Recoñecer as funcións da linguaxe que poden formar parte da mensaxe publicitaria.	A11	B3
Saber diferenciar as características da linguaxe empregada na comunicación audiovisual, os medios de difusión, os canais elixidos, e o tipo de destinatario da mensaxe e saber adaptar o código lingüístico a estas características.	A5 A6 A8	B1 B7
Analizar mostras comunicativas, principalmente audiovisuais, co obxectivo primeiro de aprender a criticar modelos, sobre todo no que se refire as características propias de elaboración dun texto: adecuación, coherencia e cohesión.	A27	B5
Crear textos. Aprender a manexar os recursos da lingua española para a creación de mostras de lingua creativas, orais, escritas e audiovisuais. Aprender a ser creativos e ousados na expresión e o tratamento. Favorecer, xa que logo, a expresión de ideas dunha maneira independente, orixinal e tolerante.	A26 A41	B2 B4

## Contidos

### Tema

1. A comunicación, a linguaxe e as linguas: a lingua española.	1.1. A comunicación e a linguaxe 1.2. Funcións da linguaxe. 1.3. A comunicación verbal e a comunicación non verbal. 1.4. A comunicación audiovisual
2. Os ámbitos e rexistros das linguas	2.1 Medios: Expresión oral e expresión escrita en español. 2.2. Situacións: institucionais, públicas, privadas. 2.3. Rexistros lingüísticos: solemne, formal, informal, etc.
3. Rasgos lingüísticos da mensaxe audiovisual: imaxes e sons	3.1. Fonética e prosodia 3.2. Morfoloxía e sintaxis 3.3. O léxico 3.4. Innovacións, creacións lingüísticas propias deste medio de comunicación.
4. Rasgos pragmáticos e retóricos da mensaxe audiovisual	4.1. ¿Quen é o destinatario da mensaxe audiovisual? 4.2. Os xéneros audiovisuais 4.3. ¿Cómo inflúe o coñecemento do mundo na nosa percepción da mensaxe audiovisual? 4.4. As figuras retóricas
5. Análise e composición de textos, escritos, orais e audiovisuais en español.	5.1. Coherencia e cohesión 5.2. Adecuación dos textos ao canal de expresión, ao obxectivo buscado e aos destinatarios. 5.3. Intertextualidade

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	22	22	44
Resolución de problemas e/ou exercicios	15	15	30
Presentacións/exposicións	8	24	32
Debates	2	2	4
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	7	21	28
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	6	8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	As horas destinadas ás sesións maxistrais centraranse na explicación dos contidos teóricos da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas horas marcadas na planificación para a resolución de problemas e exercicios, realizaranse prácticas tanto da norma e do uso do español como de análise e produción de textos escritos, orais e audiovisuais.
Presentacións/exposicións	Os alumnos elixirán temas relativos aos contidos da materia, a partires do visto nas aulas e nas titorías, e realizarán sobre eles unha análise teórica e unha exposición oral na aula.
Debates	Intercambio de ideas e argumentacións sobre os contidos da materia.
Titoría en grupo	Estas titorías destinaranse á resolución de dúbidas que poidan xurdir aos alumnos e que non sexan tratadas na aula; tamén servirán para orientar aos alumnos na realización dos traballos e das exposicións fixadas.

Resolución de problemas Os alumnos farán unha serie de prácticas de análise da lingua española e a lectura e resumo dun e/ou exercicios de forma artigo do libro "Lección pasada de moda" de Javier Marías.

autónoma

Actividades introductorias Presentación dos contidos da materia; o obxectivo e saber cal é a relación que os alumnos establecen entre a lingua española e a comunicación audiovisual: "a comunicación como marco de reflexión sobre a lingua".

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para: 1. Expoñer as súas ideas sobre a materia. 2. Preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas. 3. Preguntar ás dúbidas que xordan da resolución das prácticas realizadas. 4. Traballar, xunto co profesor, na estrutura, secuenciación e contido dos seus traballos e exposicións.
Debates	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para: 1. Expoñer as súas ideas sobre a materia. 2. Preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas. 3. Preguntar ás dúbidas que xordan da resolución das prácticas realizadas. 4. Traballar, xunto co profesor, na estrutura, secuenciación e contido dos seus traballos e exposicións.
Titoría en grupo	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para: 1. Expoñer as súas ideas sobre a materia. 2. Preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas. 3. Preguntar ás dúbidas que xordan da resolución das prácticas realizadas. 4. Traballar, xunto co profesor, na estrutura, secuenciación e contido dos seus traballos e exposicións.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Pretendemos que o alumnado aproveite estas horas para: 1. Expoñer as súas ideas sobre a materia. 2. Preguntar as dúbidas que lle ocasionen as lecturas feitas. 3. Preguntar ás dúbidas que xordan da resolución das prácticas realizadas. 4. Traballar, xunto co profesor, na estrutura, secuenciación e contido dos seus traballos e exposicións.
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Elección dun tema relacionado con algún dos contidos vistos na aula, e elaboración dun breve traballo de análise que terá que ir acompañado dunha exposición oral na aula.	40
Debates	Valorarase a participación activa, a aportación de ideas e a contribución ao debate dos alumnos.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Elaboración de prácticas relacionadas coa lingua española.	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Ao final do curso os alumnos farán unha proba escrita na que terán que demostrar a adquisición dos contidos teóricos do curso e un bo dominio da competencia lingüística do español.	30

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continua. Para poder seguir esta avaliación o alumno deberá asistir ao 80% das horas de clase. A asistencia é un requisito para seguir a avaliación continua, pero non será puntuada na nota global. Para superar a materia os alumnos teñen que realizar todos os traballos estipulados polo profesor (traballos de aula, traballos tutelados, exposicións orais). A entrega de prácticas ou exercicios propostos terá que realizarse na data establecida polo profesor. Fóra dese prazo non serán admitidos. A nota final será a suma de todas as calificacións obtidas nos traballos e na proba final.

### 2ª Edición de actas

O alumnado que non cumpra os requisitos da avaliación continua poderá realizar un único exame na convocatoria de xullo, na data estipulada oficialmente. Este exame terá unha parte teórica e outra práctica.

### Bibliografía. Fontes de información

Álvarez Menéndez, A. I. (2005): *Hablar en español: la cortesía verbal, la pronunciación estándar del español, las formas de expresión oral*, Oviedo, Nobel.

Cassany, Daniel (2007): *Afilarse el lapicero: guía de redacción para profesionales*, Barcelona, Anagrama.

Escandell Vidal, M<sup>a</sup> Victoria (coord.) (2009): *El lenguaje humano*, Madrid, Editorial universitaria Ramón Areces.

Marías, Javier (2012): *Lección pasada de moda. Letras de lengua*, Galaxia Gutenberg.

Mesanza López, J. (2009): *Hablar y escribir correctamente: barbarismos, impropiedades y dudas en el español oral y escrito*, Madrid, Wolters Kluwer.

RAE / ASALE (2010): *Ortografía de la lengua española*, Madrid, Espasa.

Sánchez Lobato, J. (coord.) (2006): *Saber escribir*, Madrid, Aguilar.

## 1. Lengua Española

Cassany, Daniel (2006): *Taller de textos: leer, escribir y comentar en el aula*, Barcelona, Paidós.

RAE (2004): *Diccionario de la lengua española* [Recurso electrónico], Madrid, Espasa Calpe (<http://buscon.rae.es/drae/>).

<http://buscon.rae.es/dpdl/>).

Castillo Pomedá, José M<sup>a</sup> (2002): *Elementos del lenguaje audiovisual en televisión*, Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión, D.L.

de Santiago Guervós, Javier (2012, 2<sup>a</sup> ed.): *Principios de comunicación persuasiva*, Madrid, Arco Libros

Guarinos, Virginia (2009): *Manual de narrativa radiofónica*, Madrid, Síntesis.

*La Radio que convence: manual para creativos y locutores*, Barcelona, Ariel.

---

## Recomendaciones

---

### Materias que se recomienda cursar simultáneamente

Comunicación: Comunicación escrita/P04G070V01101

---